



## CONCELLO DE COIRÓS

### NORMAS XERAIS:

1. Terán acceso ao programa CONCILIA COIROS 2019 as e os menores que teñan entre tres (escolarizados) e doce anos, ambos inclusive, na data de solicitude.

2. O horario do programa CONCILIA COIRÓS será de mañá, de 09:00 a 14:00, con entrada flexible de 09:00 a 09:50 h, e con saída flexible de 13:10 a 14:00 h. Non se atenderán entradas e saídas fora de ese horario, agás casos de excepcionalidade previamente autorizados.

3. O programa CONCILIA COIRÓS será desde o 1 de xuño ata a 6 de setembro, e distribuirase da seguinte forma.

- a. Primeira quenda: do 01 ao 31 de xullo, ambos inclusive
- b. Segunda quenda: do 01 ao 30 de agosto, ambos inclusive
- c. Terceira quenda: do 02 ao 06 de setembro, ambos inclusive

4. Para acceder ao programa é necesario que se atopen nalgunha destas situacións:

4.1 A persoa para a que se solicita a praza (menor) estea empadroada no Concello de Coirós

4.2 A nai ou o pai da persoa para a que se solicita praza estea empadroada no Concello de Coirós, e residan con ela ou el, no período do CONCILIA COIROS

4.3 A avoa ou avó para a que se solicita praza estea empadroada no Concello de Coirós, e resida con ela ou el no período do CONCILIA COIRÓS

4.4 Que estea empadroada no Concello de Coirós, a persoa coa que reside a menor ou o menor, aínda que sexa temporalmente.

5. Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á menor ou menor (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e aportar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. DE NON APORTAR O INFORME MÉDICO, ENTENDERASE QUE NON EXISTEN.

6. Coa solicitude aportaranse os datos da persoa que está autorizada pola nai ou polo pai para recoller á menor ou menor, no CONCILIA COIRÓS. De non aportar estes datos, ENTENDERASE QUE SOAMENTE PODERÁN RECOLLER A/O MENOR A PERSOA SOLICITANTE.

7. A hora de entrada será a que se sinale na inscrición. Calquera cambio na hora de entrada deberá ser solicitado e autorizado polo CIM.

8. As preferencias para obter praza son as seguintes:

8.1 Menores empadroados en Coirós

8.4 A orde de inscrición

9. O prezo da primeira quenda (mes de xullo) é de 40 euros.  
O prezo da segunda quenda ( mes de agosto) é de 40 euros.  
O prezo da terceira quenda ( primeira semana de setembro) é de 10 euros.

As e os menores empadroados no concello de Coirós terán unha bonificación do 50% da cuota.  
As familias numerosas terán unha bonificación do 50%.  
Poderanse aplicar as dúas bonificacións ao mesmo tempo.

## DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante (nai ou pai).
- Fotocopia íntegra do libro de familia da ou do menor.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da ou do menor.

-No caso de non autorizar a comprobar os datos no padrón municipal, certificado de empadramento da persoa empadroada no Concello de Coirós, e coa que garde relación o menor.

- Para o caso de que a nai ou o pai do menor/ da menor non esté empadroado no Concello de Coirós cubrir CASOS ESPECIAIS na parte traseira da solicitude.

## NOTAS

- É necesario cubrir todos os apartados da solicitude, e aportar toda a documentación que se solicita.
- As solicitudes debidamente cubertas entregaranse no Rexistro municipal (edificio da Casa do Concello) ou por calquera das canles establecidas na lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común.
- Cubride con especial atención o apartado de autorizacións para recoller á menor ou ao menor, se non se cubre, soamente poderá ser entregada á persoa solicitante (nai ou pai)
- A persoa solicitante pode ser tanto a nai como o pai, e ambos dous. Se soamente é cuberto por un proxenitor, soamente poderá ser recollido por esta persoa solicitante.
- As listaxes de persoas readmitidas e aquelas outras que teñen que emendar a solicitude publicaranse no taboleiro municipal. Publicarase co número de DNI/NIE da primeira persoa solicitante, faltando dous números do mesmo.

## CALENDARIO.

- A) Preinscricións: do 14 ao 24 de maio de 2019:
  - B) Publicación da lista de emendas de solicitudes no taboleiro: 30 de maio
  - C) Prazo de emenda de solicitudes: Do 31 de maio ao 06 de xuño
  - D) Publicación da lista de persoas pre-admitidas: 10 de xuño
  - E) Pago de taxas: do 11 ao 17 de xuño
  - F) Entrega de xustificante de pago no CIM e cobertura de ficha identificativas no CIM : do 11 ao 21 de xuño.
- Lista definitiva: 24 de xuño